

Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais

Datos correspondentes a 2023

Resumo de resultados 21/02/2025

ÍNDICE

Introdución	1
Aproveitamentos forestais segundo o tipo de persoa que solicita e a residencia da persoa física	1
Características dos solicitantes de aproveitamentos forestais: persoas xurídicas	3
Características dos solicitantes de aproveitamentos forestais: persoas físicas residentes en Galicia	4
Relación entre o concello do aproveitamento forestal e o concello de residencia do solicitante	6
Relación coa actividade dos solicitantes de aproveitamentos forestais residentes en Galicia	9
Definicións, fontes e máis información	11

Introdución

A [Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais](#) é unha actividade estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (DXPF) da Consellería do Medio Rural (CMR) con carácter anual. A información difundida mediante esta estatística procede da explotación das declaracións e solicitudes de aproveitamentos en montes e terreos forestais dispoñibles na DXPF, combinado coa Base de datos Sociodemográfica dispoñible no IGE.

O obxectivo desta actividade é analizar as características socioeconómicas das unidades físicas e xurídicas que solicitan aproveitamentos forestais. Neste traballo centrarémonos nas solicitudes de xestión privada

Aproveitamentos forestais segundo o tipo de persoa que solicita e a residencia da persoa física

No ano 2023, 30.840 persoas solicitaron aproveitamentos forestais en Galicia, destas 28.122 eran persoas residentes en Galicia, 1.967 residían fóra de Galicia e 751 eran persoas xurídicas. As persoas residentes en Galicia cortaron o 79,5 % do volume total, cunha media de 252,6 m³ por persoa.

Aproveitamentos forestais segundo o tipo de persoa e residencia da persoa física. Ano 2023

Unidade: Número, m^3 e Porcentaxe


Tipo de persoa/Residencia	Nº de cortas	Persoas que cortan	Volumen de cortas	Porcentaxe de persoas	Porcentaxe de volume	Volumen por persoa
Persoa xurídica	7.905	751	1.290.046,2	2,4	14,4	1.717,8
Fóra de Galicia	5.713	1.967	545.450,1	6,4	6,1	277,3
Galicia	85.326	28.122	7.102.940,4	91,2	79,5	252,6
A Coruña	39.942	11.429	3.831.644,0	37,1	42,9	335,3
Lugo	21.373	7.193	2.341.615,8	23,3	26,2	325,5
Ourense	7.624	3.661	195.423,9	11,9	2,2	53,4
Pontevedra	16.387	5.839	734.256,8	18,9	8,2	125,8
Total	98.944	30.840	8.938.436,7	100,0	100,0	289,8

Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Se nos fixamos na evolución do número de persoas que solicitaron aproveitamentos forestais e no volume das cortas destas solicitudes nos gráficos posteriores, obsérvase unha caída no ano 2020 e unha recuperación posterior no ano 2021 e 2022, tanto no número de persoas como no volume de cortas. O volume de cortas en 2023 diminuíu un 15,10 % con respecto ó 2022.

Evolución do número de persoas que solicitan aproveitamentos forestais 2019-2023


Unidade: Persoas



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Evolución do volume de madeira solicitada para aproveitamentos forestais 2019-2023

Unidade: m³



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Características dos solicitantes de aproveitamentos forestais: persoas xurídicas

Se se analiza o número de solicitantes de aproveitamentos forestais que son persoa xurídica no ano 2023, obsérvase que predominan os Montes veciñais, tanto en porcentaxe de cortas como no seu volume. Así, os montes veciñais realizan o 48,3 % das cortas, que supoñen 74,7 % do volume. Séguenlle a moita distancia as Sociedades limitadas e as Sociedades anónimas, que supoñen en volume de cortas o 12,0 % e o 5,2 % respectivamente.

Solicitudes de aproveitamentos forestais por persoas xurídicas. Ano 2023

Unidade: Número, m3 e Porcentaxe


Tipo de sociedade	Nº de cortas	Nº de sociedades	Volume	Porcentaxe de cortas	Porcentaxe de volume
1-Sociedade anónima	846	22	67.703,9	10,7	5,2
2-Sociedade limitada	1.990	145	154.222,9	25,2	12,0
3-Comunidades de bens	333	31	36.397,2	4,2	2,8
4-Asociacións e fundacións	404	17	7.457,3	5,1	0,6
5-Montes veciñais	3.820	456	963.586,7	48,3	74,7
6-Outro tipo de sociedades	512	80	60.678,1	6,5	4,7

Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Características dos solicitantes de aproveitamentos forestais: persoas físicas residentes en Galicia

Neste apartado analízanse as características das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais que son persoas físicas e residentes en Galicia. Na pirámide seguinte obsérvase que se trata dunha poboación onde os homes representan o 58,1% e que se concentra maioritariamente entre os 60 e os 74 anos de idade. Así, a idade media no ano 2023 sitúase nos 64,4 anos, o primeiro cuartil (q1) é 55,0 anos e o terceiro cuartil (q3) é 75,0 anos.

Poboación solicitante de aproveitamentos forestais por grupos de idade e sexo. Ano 2023



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Idade media, mediana e cuartis dos solicitantes de aproveitamentos forestais residentes en Galicia. Ano 2023

Unidade: anos


Espazo	Media	q1	Mediana	q3
Galicia	64,4	55	65	75
A Coruña	64,6	55	65	75
Lugo	65,2	55	65	76
Ourense	63,7	54	65	74
Pontevedra	63,2	54	64	74

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#)) Nota: q1: primeiro cuartil,q3: terceiro cuartil

Relación entre o concello do aproveitamento forestal e o concello de residencia do solicitante


Neste apartado analízase a relación entre o concello do recurso forestal e o concello de residencia da persoa solicitante do aproveitamento, para as persoas físicas e residentes en Galicia. Nos gráficos seguintes podemos ver que as persoas solicitantes viven próximos ao lugar onde está o recurso. Así, no ano 2023 o 79,5 % vive na mesma comarca e o 20,5 % en distinta comarca. Se se baixa ao nivel de concello obsérvase que o 66,4 % vive no mesmo concello e o 24,3 % vive en distinto concello e urbano (considérase urbano a Zona Densamente Poboada -ZDP- e a Zona intermedia-ZIP-).

Persoas solicitantes segundo a comarca de residencia e a do aproveitamento. Ano 2023



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Persoas solicitantes segundo o concello de residencia e o do aproveitamento. Ano 2023




Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#)) Nota: ZDP: Zona densamente poboada, ZIP: Zona intermedia, ZPP: Zona pouco poboada.

Nos mapas seguintes preséntase o volume dos aproveitamentos forestais segundo se o concello é o concello do recurso ou o de residencia da persoa solicitante do aproveitamento para o ano 2023 . Aínda que os mapas son moi parecidos, pódese observar pequenas diferenzas, sobre todo nas grandes cidades e nas súas contornas.

Volumen de aproveitamentos forestais. Ano 2023


Concello do aproveitamento

Unidade: m³



Concello de residencia

Unidade: m³



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais
([descarga da táboa](#))

Relación coa actividade dos solicitantes de aproveitamentos forestais residentes en Galicia

Nesta sección estúdase a relación coa actividade das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais que son persoas físicas e residentes en Galicia. No ano 2023, o 48,50 % das persoas que solicitaron aproveitamentos forestais reciben unha pensión contributiva da Seguridade Social (SS) e cortan o 49,3 % do volume da madeira. Por outra parte, o 36,9 % das persoas que solicitaron aproveitamentos forestais están afiliadas a SS e cortan o 36,5 % da madeira. A idade media no ano 2023 para as persoas solicitantes afiliadas á SS é de 51,4 e á das persoas pensionistas sitúase en 74,2 anos.


Solicitantes de aproveitamentos forestais segundo a relación coa actividade. Ano 2023

Unidade: Nº, anos m3

Actividade	Persoas	Idade media	Volume	Porcentaxe de persoas	Porcentaxe de volume
Persoas afiliadas á SS	10.387	51,4	2.593.978,2	36,9	36,5
Parados rexistrados	611	54,5	104.265,7	2,2	1,5
Persoas que reciben pensións contributivas da SS	13.626	74,2	3.501.585,3	48,5	49,3
Resto	3.498	66,0	903.111,2	12,4	12,7
Total	28.122	64,4	7.102.940,4	100,0	100,0

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

Solicitantes de aproveitamentos forestais segundo a relación coa actividade. Ano 2023




Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa](#))

No seguinte gráfico preséntase a evolución do volume de madeira solicitada para aproveitamentos forestais segundo a actividade no período 2019-2023. Obsérvase unha caída do volume no ano 2020, no ano 2021 e 2022 pódese ver que volve a medrar situándose en valores superiores ao ano 2019, tanto nos afiliados á SS coma nos pensionistas, mentres que no ano 2023 os valores situáronse en niveis similares ao 2020.

Evolución do volume de madeira solicitada para aproveitamentos forestais segundo a actividade 2019-2022

Unidade: m³



Fonte: IGE-CMR. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais ([descarga da táboa])(<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=10477>)

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Persoas solicitantes de aproveitamentos forestais segundo o tipo de persoa que corta e a residencia da persoa física
- Características de las personas propietarias que solicitan aproveitamentos forestais e son persoa xurídica
- Persoas físicas residentes en Galicia que solicitaron aproveitamentos forestais segundo o sexo e o grupo de idade
- Media, mediana e quartís da idade das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais
- Persoas físicas que solicitaron aproveitamentos forestais segundo a comarca de residencia
- Persoas físicas segundo o concello do aproveitamento forestal e concello de residencia
- Volume (m³) do aproveitamento forestal segundo o concello de residencia ou o concello da corta
- Persoas físicas residentes en Galicia que solicitaron aproveitamentos forestais segundo a súa actividade